

# 7



## 7) PERMUTAS DE ESPECIAL INTERESE AGRARIO. PERMUTAS PARA ELIMINACIÓN DE PARCELAS ENCRAVADAS.

# Introdución

---

Defínense as permutas de especial interese agrario como un mecanismo especialmente axeitado para mellorar a base territorial das explotacións agrarias galegas, calquera que sexa a súa localización no territorio. Mediante este mecanismo, levarase a cabo a eliminación de servidumes de paso e de encravados.

Estas permutas están incluídas na reestruturación parcelaria e tamén no proceso de adxudicación dos polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as agrupacións de xestión conxunta.

# Requisitos

Enténdese como permutas de fincas agroforestais de especial interese agrario aquelas permutas que cumpran, en todas ou en parte das parcelas, un ou varios dos seguintes requisitos:

- a. Permutas que contribúan á adecuación dos usos do solo as previsións de Catálogo de solos agropecuarios e forestais de Galicia.
- b. Permutas de fincas incluídas en procedementos de reestruturación parcelaria pública de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Neste caso, a totalidade das parcelas partícipes deberán estar incluídas no perímetro da zona de reestruturación.
- c. Permutas empregadas como instrumentos de mobilización nos casos dos polígonos agroforestais, as aldeas modelo e as actuacións de xestión conxunta.
- d. As permutas que contribúan á eliminación de servidume de paso.
- e. As permutas nas que interveñan unha ou máis parcelas que pertencen a AGADER.
- f. Aquelas permutas non incluídas en casos anteriores, pero que sexan consideradas como de especial interese por resolución da AGADER, previo informe dos servizos técnicos competentes.
- g. As permutas que permitan ás persoas titulares de fincas agroforestais eliminar as parcelas enclavadas das súas terras, sempre que contribúan á mellora sostible, e sempre que se de unha das seguintes circunstancias:
  - Explotacións amparadas en marcas de calidade de carácter oficial.
  - Explotacións dedicadas á produción ecolóxica.
  - Explotación gandeiras de carácter extensivo ou que a eliminación de parcelas enclavadas contribúa a súa extensificación.
  - Explotacións forestais que dispoñan ou estean incluídas en instrumentos de ordenación/xestión forestal.
  - Explotacións gandeiras que requiran das parcelas enclavadas para a mellora da súa base territorial.

As permutas de fincas agroforestais de especial interese agrario lévanse a cabo con ou sen modificación nos lindes das fincas resultantes, e poden ser permutas sen modificación de lindes, con modificación de lindes ou permutas para a eliminación de parcelas enclavadas.

# Permutas por eliminación de parcelas encravadas

---

## Requisitos para a eliminación de parcelas encravadas

- Todas as parcelas deben de ser tecnicamente viables.
- As parcelas deberán de ter a cualificación de rústicas e como mínimo unha delas deberá de ter a consideración de parcela encravada.
- Na parcela encravada non poderá existir unha vivenda habitada ou en correctas condicións de habitabilidade.

## Requisitos para as parcelas de substitución

- Superficie superior a un 20% da orixinal como mínimo. O coste repercutirá sobre a persoa titular á que se lle elimina a parcela encravada, o axente promotor produtivo ou da persoa adxudicataria (no caso de iniciativa pública).
- Contar con acceso a un camiño público ou dereito de paso outorgado por quen insta a permuta.
- Estar libre de cargas e gravames.

# Fomento das permutas

---

Unha vez declarado o conxunto de permutas como de interese agrario, a AGADER poderá:

- Realizar traballos de limpeza, posta en cultivo ou melloras.
- Asesorar aos permutantes no proceso de permuta e nas súas consecuencias tanto fiscais como patrimoniais.
- Compartir os datos das fincas permutadas ó Catastro.
- No caso de parcelas encravadas, empregar fincas adscritas ó Banco de Terras para completar ata un 20% das superficies que se podan permutar.
- Establecer liñas de axuda para inmatriculación rexistral.



# CONTACTO

Asociación de Grupos De  
Desenvolvemento Rural De Galicia  
Rúa San Marcos, s/n  
15318 – Abegondo  
(A Coruña)  
info@agdr.gal | <https://agdr.gal/>

